

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 14 DE AGOSTO DE 2020

Ás 10:30 horas do día 14 de agosto de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 11 de agosto de 2020, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidente/a:** D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** D<sup>a</sup>. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno  
D. Secundino Otero Failde, xefe do Servizo Medio Ambiente, Sanidade e Consumo (asiste aos puntos 5 e 6)  
D<sup>a</sup> Luz María González Domínguez, a xefa da unidade administrativa de Alcaldía (asiste ao punto 7)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. María Blanco Rodríguez, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais (11.979-255)**

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Medio Ambiente, Sanidade e Consumo de data 11 de agosto de 2020 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor".

A Mesa acepta, por unanimidade, o referido informe e acorda excluír deste procedemento a **PÍNTEGA XARDINES, S.L** por non acadar o umbral mínimo de puntuación previsto no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 01:21	Páxina 1 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A845-EEC444-25A6D8-NLK6DU-Y2RWKN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## 6.- Apertura económica

### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais (11.979-255)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	LICITADOR	PREZO TOTAL
1	UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS-NATURGALIA	913.635,85 €
3	SOGESSEL DESARROLLO Y GESTIÓN, S.L	948.296,88 €

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asisten á apertura D. Felix Ortega Ponce de León, con DNI \*\*\*69.11\*, en representación de Sogesel Desarrollo y Gestión, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

## 7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

### a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de organización protocolaria para a celebración de actos e recepcións celebrados polo Concello de Vigo (18.030-101)

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 7 de agosto de 2020 concedeuse un prazo de tres días a DAEGA PROTOCOLO Y EVENTOS, S.L. para que presentara o orzamento detallado esixido no apartado 6B do Anexo I -FEC- do PCAP. O anterior licitador presentou a documentación requirida en prazo.

Entrégase o informe asinado polo xefa da unidade administrativa de Alcaldía de data 11 de agosto de 2020, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP co licitador que se relaciona a continuación por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta:

- SACAFERRO, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 01:21	Páxina 2 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A845-EEC444-25A6D8-NLK6DU-Y2RWKN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



## 9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

### a) Procedemento aberto de servizos de actuacións musicais no "ciclo de bandas de música ao son das festas de Vigo" (8507-335)

Entrégase o informe asinado polo técnico de xestión de expedientes do Servizo de Festas e a Secretaria de Administración Municipal de data 11 de agosto de 2020 de valoración do sobre C "proposición avaliada mediante fórmula".

A Mesa acepta, por unanimidade, o referido informe e acorda outorgar un prazo de tres días naturais á FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO para que poida emendar a documentación presentada nos seguintes termos:

- Deberá presentar un escrito no que declare que:

*"1.- Que acepta integramente os pregos de prescricións técnicas e condicións administrativas que rexen esta contratación.*

*2.- Que a proposta foi elaborada conforme ás obrigas relativas á fiscalidade, protección do medio ambiente, emprego, condicións laborais, sociais e a obriga de contratar unha porcentaxe específica de persoas con discapacidade, ás que se refire o punto 4 da cláusula 11 do PCAP."*

- Deberá presentar aclaración respecto do importe do IVE a aplicar ao presuposto achegado ou, no seu caso, documento acreditativo da exención fiscal.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:54 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 01:21	Páxina 3 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A845-EEC444-25A6D8-NLK6DU-Y2RWKN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		